



O DISCURSO DO ODIO



Eduso
Antirracista



Que é?

É cando alguén utiliza palabras ou accións para lastimar ou menospreciar a outra/s persoa/s, cando se acosa, ou se din estereotipos negativos acerca delas, e xustificamos o que dicimos pola súa cor de pel, pola orixe da súa familia, pola súa nacionalidade, etnia, idade, discapacidade, lingua, relixión, xénero, orientación sexual e outras características ou condicións persoais.

As súas consecuencias poden ser:

- a nivel **social**: violencia, marxinación e exclusión. Que non poidan ter vivenda, emprego, médico, medicinas, educación.
- a nivel **individual**: baixa autoestima, depresión, problemas de saúde mental, ansiedade, suicidio.


Tipos de discurso do odio

GRUPOS VULNERABLES


- persoas solicitantes de asilo e refuxiadas
- persoas migrantes
- persoas negras
- comunidades xudías e musulmanas
- persoas xitanas
- persoas LGTBIQ+
- mulleres
- persoas sen recursos/sen fogar
- persoas discapacitadas/con diversidade funcional
- persoas gordas
- persoas menores de idade
- persoas maiores

TIPOS DE ODIO

- **Antixitanismo:** racismo cara persoas xitanas.
- **Antisemitismo:** prexuízo/odio/discriminación cara persoas xudías.
- **Aporofobia:** rexeitamento ás persoas sen recursos ou sen fogar.
- **Islamofobia:** prexuízo/odio/medo cara o Islam ou ás persoas musulmanas.
- **LGTBIQfobia:** rexeitamento ás persoas lesbianas, gais, transxénero, bisexuais, intersexuais, queer, ...
- **Racismo:** crenza de que, pola racialidade, cor, idioma, relixión, nacionalidade, orixe, etnia, se pode xustificar o desprezo dunha persoa ou grupo de persoas. Ou crer que unha persoa é superior por ser branca/europea (supremacía branca).
- **Machismo:** discriminación das persoas por razón de xénero. Xera desigual relación de poder entre homes/outras identidades de xénero, e a súa forma máis común é a misoxinia.
- **Gordofobia, capacitismo, edadismo, adultocentrismo,...**



PIRÁMIDE DO ODIIO



Asasinato de persoas que pertencen a un grupo social que son obxecto do discurso de odio.
Colonización de América (1492-actual): 56 millóns de persoas indíxenas e 15 millóns de persoas de orixe subsahariano foron escravizadas e asasinadas
Palestina: asasinatos de persoas en mans de Israel desde 1948: 29.427. Desde outubro 2023: 18.000.

Xenocidio

Violencia física

Agresión, violencia sexual, asasinato, terrorismo

George Floyd, incendios provocados, linchamientos a persoas xitanas,...

Violencia contra propiedades e símbolos

Vandalismo e profanación

crer que as personas inmigrantes non pagan impostos, non pagan aluguer, crer que son delincuentes,..

Discriminación

Emprego, vivenda, sanidade, educación

Botar a culpa de algo pola súa cor de pel.

Discurso de odio

Estereotipos e rumores, chivos expiatorios, acosos e ameazas
Twitter, Facebook, partidos políticos, medios

VISIBLE

Procesos de outredade e deshumanización

INVISIBLE

Estereotipos e prexuizos

Nivel cognitivo-emocional

Onde atopamos o discurso do odio?

- Espazo público: pintadas, dano nas mezquitas, insultos e agresións na rúa, mítins políticos, eventos deportivos.
- Internet: Webs, blogs, foros, redes sociais (Facebook, Instagram, TikTok, Twitter) e mensaxería instantánea (WhatsApp, Telegram).
- Medios de comunicación: prensa, radio, televisión.



Como actúa o discurso do odio?

PENSO

estereotipo

SINTO

prexuízo

ACTÚO

discriminación

vexo unha noticia da chegada dunha patera

"veñen a
roubar e quitar
o traballo"


Medo,
inseguridade,
rexeitamento

Afástome deles

CONSECUENCIA:

como se senten
as persoas
inmigrantes?
como se senten
as persoas cando
as
discriminamos?

Rumor: as persoas inmigrantes veñen aquí a roubar



Que facer contra o discurso do odio?

- Prestar atención das situacións violentas que vivas ou que vivan persoas que coñeces.
- Amosar **respecto** pola realidade doutros países e culturas. **Empatizar** cas historias persoais axúdanos a acercarnos, a empatizar e a comprender costumes e valores diferentes aos nosos.
- **Escoitar e acompañar** ás persoas violentadas polo discurso do odio, de xeito directo ou indirecto. **Coñecer os dereitos** que teñen as persoas e os recursos que existen para atendelas e denunciar se así o piden.
- Promover **actuacións** de información e sensibilización no teu entorno, unirte a **campañas** que existen.



Cuestións para profes (1)

1. Hai alumnado migrante e/ou racializado na aula?
Como se está a sentir co resto de compañeirxs e profesorado?
2. As/os compañeirxs ten accións de empatía (non caridade) cara ao alumnado migrante e/ou racializado?
Escóitaos? Queren formar grupo con elxs?
3. Coñezo que prexuízos e estereotipos teño e exerzo cara ás persoas migrantes e/ou racializadas?
4. Cando algunx alumnx di comentarios racistas, sei como responder sen reproducir violencias? As persoas (alumnado) que os comentarios están acompañadas?
5. Nos contidos que imparto, coñezo e visibilizo outras realidades desde a análise de qué poder e privilexio ten as persoas brancas/autóctonas e a reparación histórica?

Cuestións para profes (II)

1. Teño en conta que non é só interculturalidade senón tamén antirracismo e decolonialidade?
2. Son consciente de que non é “que se integren” senón que a comunidade valore, respecte e visibilice as diversidades?
3. Ofrezco apoio emocional e académico ao alumnado migrante e/ou racializado desde o coidado e o amor?
4. Teño en conta e/ou colaboro con colectivos antirracistas para comprender mellor a realidade do alumnado e das súas familias?
5. Facilito espazos para que o estudiantado migrante e/ou racializado poda compartir, liderar ou contribuir activamente ao ambiente escolar e á comunidade?
6. Defendo os dereitos das persoas migrantes e/ou racializadas nas políticas educativas e sociais?
7. Teño disposición para revisarme, aprender e des-aprender?





https://www.instagram.com/p/CiKEokfDRQ6/?img_index=1



<https://www.instagram.com/p/Cx3StVnKjne/>



https://www.instagram.com/p/C4lfc1J0Pa/?img_index=1

+ PDF adjunto!



https://www.instagram.com/p/Cme4LcsqgSB/?img_index=1



https://www.instagram.com/p/CqCrTtxKu-p/?img_index=1




<https://www.instagram.com/p/C0b-yKeo7sf/>

<https://podimo.com/es/shows/esto-es-nutricion>

Ep. Sobrevivir es activismo con @black.rainb0w_

conectamos?



[@eduso.antirracista](#)



[Angelly_Ferreiro](#)



eduso.antirracista@gmail.com